

## COMPOSTELA ART&ART 2016

Arte – Artesanía - Deseño

Carreira do Conde – Santiago de Compostela

### HORARIO DE APERTURA

10:00 a 15:00 / 17:00 a 21:00h

Feira de Arte, Artesanía e Pezas singulares ou producidas a pequena escala.

## BASES DE PARTICIPACIÓN

---

### 1. Compostela Art & Art

Convocada pola **Fundación Santiago Centro, Área Comercial**, o centro comercial aberto do Ensanche de Santiago, **Compostela ART&ART** celebrarase na rúa Carreira do Conde de Santiago de Compostela os días 5 a 8 de maio de 2016 (ambos incluídos), ponte da Ascensión, datas que destacan pola grande participación dos composteláns e afluencia de turistas e residentes nos concellos limítrofes.

Nace con vocación de asentarse como unha feira estable na cidade de Santiago, capital de Galicia, centro dunha ampla área xeográfica de influencia e polo de atracción turística, co obxectivo de:

1. Crear un evento con vocación de futuro no que participen artistas, artesáns, deseñadores e creadores de pezas singulares e únicas, ou manufacturadas a pequena escala.
2. Dinamizar as rúas e prazas do Ensanche, atraendo a veciños e visitantes.
3. Poñer en valor as rúas e prazas do Ensanche como espazo de intercambio e lecer.
4. Atraer público da comarca.
5. Potenciar a actividade do comercio e a hostalería da zona.

Compostela ART&ART consta de:

#### 1. Exposición comercial (venta ao público) en postos modulares, con representación de:

- Artesáns
- Artistas e creadores
- Tendas especializadas

#### 2. Alimentación Saudable: Espazo EcoGastro

- Acordos con establecementos hostaleiros do Ensanche, para a oferta, durante a Feira, de pratos e tapas saudables elaborados con produtos certificados.

#### 3. Obradoiros e traballo en vivo

- Actividades para o público infantil e obradoiros de traballo en vivo.

#### 4. Programa de Actividades

- Desenvolvemento de actividades de lecer dirixidas ao público infantil.
- Actuacións musicais e/ou de lecer dirixidas a todos os públicos.

Compostela ART&ART 2016 celébrase de xeito simultáneo a Compostela ECO 2016 (Praza Roxa, a 5 minutos camiñando da Carreira do Conde).

A rúa Carreira do Conde sitúase a 2 minutos camiñando da Alameda compostelá e do casco vello. Durante as festas da Ascensión, na Alameda concéntranse milleiros de persoas convocados polas atraccións que se instalan en Santa Susana, concertos e actividades organizadas dentro da programación das festas, así como un elevado número dos turistas que, nesas datas, visitan a capital galega.

## BASES DE PARTICIPACIÓN

A participación na Feira Compostela Art&Art implica a aceptación destas Bases e das decisións que tome a Organización, sempre en beneficio do evento e do público visitante.

### 1. DATAS, LUGAR E HORARIOS

---

Compostela ART&ART 2016 celebrarase os días **5, 6, 7 e 8 de maio na rúa Carreira do Conde de Santiago de Compostela**, un espazo peonil. A mostra realizarase en casetos, previsiblemente modulares.

O horario de apertura do recinto ao público será das **11:00 as 15:00h. e das 17:00 ás 21:00h.** En datas clave (como o xoves día 5), a Organización poderá decidir retrasar a hora de peche, sempre en beneficio dos expositores.

**No caso de non acadárense obxectivos, a Feira poderase anular sen que os expositores poidan realizar reclamación ningunha por danos a causa da anulación.**

### 2. EXPOSITORES

---

#### 2.1. PARTICIPACIÓN

- a. Para poder participar como Expositor, os interesados deberán formalizar unha Solicitud antes das 22:00h. do día 20 de abril de 2016.
- b. Non se aceptarán solicitudes remitidas fóra do prazo establecido.
- c. A Organización resérvase o dereito de pechar a Convocatoria antes do día 20/abril/2016, se antes se cobren todas as prazas dispoñibles para a Feira.
- d. A Organización recibirá e analizará as Solicituds e responderá aos interesados sobre a súa participación a máis tardar o venres 22 de abril de 2016.
- e. A selección realizarase en beneficio do conxunto da Feira, valorándose a calidade e variedade dos produtos a expoñer. Os expositores que non resulten seleccionados pasarán a formar parte dunha Lista de Agarda, que será utilizada en caso de baixas e cancelacións.
- f. Establécense tres grupos de expositores:
  - Artesáns
  - Artistas e creadores
  - Tendas especializadas
- g. En todos os casos darase prioridade ás solicitudes de creadores, artesáns e tendas radicadas en Santiago de Compostela e concellos limítrofes. Sen embargo na selección primará o criterio de calidade e orixinalidade do produto a expoñer por riba da localización xeográfica.
- h. Todos os produtos a expoñer serán artesanais, feitos a man ou manufacturados a pequena escala. Darase prioridade aos produtos e obras feitos en Galicia.
- i. Exclúense especificamente produtos e obras importados doutros países. A artesanía ou obras artísticas de carácter internacional só serán admitidas se o expositor é o creador.
- j. Non se aceptarán produtos con deseños que vulneren dereitos de autor. Exclúense especificamente pezas ou obras que reproduzan deseños ou elementos de autoría allea e rexistrados por outros artesáns, creadores ou marcas.
- k. No caso das tendas especializadas só se admitirán aquelas dedicadas especificamente á comercialización de arte e artesanía. A Organización resérvase o dereito a decidir a aceptación das Solicituds de tendas en función dos produtos e obras que propoñan na Solicitud.
- l. No momento de cumprimentar a Solicitud de Participación, os expositores deberán facer unha relación dos produtos a expoñer; e acompañar fotografías de calidade, para seren utilizadas nos distintos formatos de publicidade e promoción da Feira.

- m. A Organización poderá excluír do Mercado, ou retirar total ou parcialmente os seus produtos, a aqueles expositores que non cumpran estas Bases canto aos produtos expostos e/ou á venda; ou que non colaboren para favorecer o desenvolvemento do evento.
- n. Os expositores informarán á Organización do tipo de montaxe que van realizar. É imprescindible que se propoñan montaxes ordenadas e creativas para a exposición dos produtos. Non se aceptarán montaxes que non cumpran estes requisitos.
- ñ. Existe a posibilidade de que dous artesáns ou creadores compartan espazo de exposición, sempre que o indiquen na Solicitud de Participación. Neste caso, ambos expositores comprométese a realizar unha montaxe harmoniosa dos seus produtos. Non se admitirán divisións internas.
- o. Fóra do consignado no apartado "ñ", os expositores non poderán ceder o espazo adxudicado, nin parcial nin totalmente, baixo ningunha circunstancia.
- p. A organización resérvase o Dereito de Admisión.

## 2.2. CUMPRIMENTO DE OBRIGAS

- a. Todos os expositores deberán cumprir rigorosamente as normativas vixentes en materia laboral, tributaria, de hixiene e de autorizacións para a manipulación de alimentos, se é o caso. Os expositores asumen toda a responsabilidade. A Organización non será responsable das irregularidades nas que, neste punto, poidan incurrir os expositores.
- b. Asemade os expositores contarán con seguro de Responsabilidade Civil con cobertura para a súa participación na Feira; ou asumen expresamente a Responsabilidade Civil de calquera incidente ou incidencia que teña que ver directamente coa súa participación na Feira.

## 2.3. PREZOS E FÓRMULAS DE PARTICIPACIÓN

- a. Establécese un prezo único para a participación de artesáns e creadores de 260.00 € por expositor. O prezo inclúe posto exterior con iluminación interior, mostrador e peche frontal, con medidas de 2,25 x 2,85 m.
- b. En función do número de expositores e o espazo dispoñible na Carreira do Conde, a Organización poderá variar as características dos postos, pero sempre proporcionando espazos cubertos, con peche e iluminación interior.
- c. Os postos poderán ser compartidos por dous expositores, sempre que se garanta o recollido no apartado 2.1.ñ.

## 2.4. RESERVA EN FIRME E ABONO DAS COTAS DE PARTICIPACIÓN

- a. Unha vez aceptada a Solicitud de Participación, a reserva de espazo non será firme ata a sinatura do Contrato de Participación e o ingreso do total da cota de participación, obrigatoriamente antes do día 27 de abril de 2016.
- b. Se por motivos propios da Organización se decide suspender a Feira, aboabase aos expositores íntegra a cota de participación.
- c. Se por causa de forza maior (motivos alleos á Organización) se decide suspender parcial ou totalmente a Feira, non se reintegrarán as cotas de participación.

## 2.5. DOCUMENTACIÓN

- a. Adxudicados os espazos, para poder participar é imprescindible remitir á Secretaría Técnica de Organización ([arteco2016@versalscq.com](mailto:arteco2016@versalscq.com)) a documentación que segue:
  - Copia DNI ou C.I.F. do solicitante e máis da sociedade (se procede).
  - Certificado ou xustificante de epígrafes do I.A.E.
  - Rexistro sanitario e xustificante de posuír autorización para Manipulación de Alimentos (se procede).
- b. É responsabilidade directa dos expositores o estrito cumprimento de todas as normativas referidas á venda polo miúdo, liquidacións e saldos, así como a normativa laboral e obrigas tributarias. Os expositores teñen (ou asumen) seguro de cobertura da Responsabilidade Civil durante as xornadas que participan na Feira.

## 2.6. ESPAZOS, HORARIOS DE MONTAXE, HORARIOS DE APERTURA

- a. A Organización distribuirá os espazos co único criterio de beneficiar ao conxunto da Feira e de facilitar o tránsito do público asistente pola totalidade da carpa.
- b. Estableceranse horarios de montaxe e recollida, que os expositores deberán respectar de xeito rigoroso. En caso de considerarse preciso, proporcionaranse pases para carga e descarga, no momento da montaxe e recollida de produtos.
- c. Os expositores deberán atermos aos horarios de apertura e peche da Feira ao público.
- d. Os expositores asumirán os danos que poidan causar a outros expositores, ao mobiliario ou as infraestruturas proporcionadas pola Organización.

## 3. PROMOCIÓN DA FEIRA

- a. A Organización responsabilízase da promoción da Feira.
- b. Realizaranse accións de promoción e/ou publicidade en redes sociais (Facebook e Twitter), e medios de comunicación (prensa escrita, radio e TV). Asemade editaranse materiais impresos (carteis, *flyers*) para a divulgación directa da Feira.
- c. Os expositores cederán á Organización fotografías de calidade, que serán utilizadas nos labores de promoción da Feira.

## 4. PROTECCIÓN DE DATOS

---

- a. Os solicitantes quedan informados e consenten expresamente que os seus datos sexan incorporados a un ficheiro para o seu tratamento automatizado relacionado cos fins exclusivos do obxecto da Solicitud. Os solicitantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á Secretaría Técnica de Organización: Versal Comunicación, S.L., Xosé Chao Rego 8-10 baixo, 15705 Santiago de Compostela, [arteeco@versalscq.com](mailto:arteeco@versalscq.com)